Querido Tobío: Escribínche ó Hotel Royal Palm e mandeiche a carta de presentación a Zamora. Velahí che vai outra por se ainda non recibiches a outra.

Eiquí chegaron moitos: Emilio González, Vilches, Méndez, etc. etc. O Alvarez del Vayo ven invitado – seguin din – pol-o North American Committee. Eu chameino máis de catro veces por teléfono, pero endexamais está. Coido que se garda da xente. Eu tiña o empeño de invitalo a ir a casa; pero tiven que escribille porque non atopei modo de falar con il. De todo xeitos non teño intrés en vernne con il. e falarlle.

Eiquí os acordos d-aquela Asamblea a que asistiches non se cumpliron. Os máis entusiastas esmorecerón ao ver que podían salvarse todos a México. E-u son o que quedou para traballar e agora ando casa por casa recadando cartos. Xa temos uns cinco mil dolares.

Da Fransa escribenme pedíndome diñeiro. Pedíndome diñeiro a min. Todos me escriben pra que os axude. Pol-o visto pensan que eu estou rico porque roubei o que pedín para Hespaña. Alá pagan aos diputados i-eu non cobrei un céntimo desde que saín d-alá. E segun me contou Emilio González somentes pagan aos diputados que viven en Francia. Eu non me queixo. Estou en New York onde atan os cans con chourizo. Esta ben.

Escribimos a moita xente pedindo axudas para os nosos refuxiados. Escribimos ó xeneral Asensio e máis eu (somos dous que somen o Frente popular gallego para este mester). A primeira carta que se recibeu é a de Prieto e para que te deates mándoche unha copia da contestación que me dirixeu a min.

Agora ven Negrín e veremos se podo falar con il.

Eiquí intentase formar unha Xunta cos empregados da Embaixada e Consulado e os diputados que residimos en New York. O xeneral Asensio faloulle d-esto a Vayo e Vayo díxolle que era mester agardar por Negrín. Eu non sei qué facer. Don Fernando será Presidente honorario... Unha cousa compreta. O probe de Don Fernando (refírome ao espírito e non á faltriqueira) dixo que se

aledou moito da creación d-esa Xunta porque así terá a quén entregarlle a bandeira da Embaixada porque non sabe que facer con ela...

En aínda non sei cómo vou a gañar a vida. Coido que o Comité de Axuda de Washington me mandará a California en viaxe de propaganda e que terei ocasión de facer unha exposición de dibuxos en Los Angeles. Se os artistas do Hollywood se volven tolos e queren mercarmos poderei vivir algún tempo máis sen lavar platos n-un restaurant. Se durante este mes pasado como dibuxante será millor que pense en pasar d-eiquí axiña. E ¿a onde irei? ¡quén me dera ir a Bos-Aires!

En lémbrome moito de Xerardo Alvarez Gallego e non sei se poderá defenderse ahí. Cando o atopes dalle alentos, porque ben-o merece. Ahí fixo unha laboura enorme e foi tratado sempre con inxusticia.

Creo que atoparás no Royal Palm a outra carta que che mandei. Presentate a Zamora e xa me contarás. Eu non sei ben o xeito de escribir cartas de presentación; pero creo que ti suplirás todo falando con ese entendimento.

Unha forte aperta do teu irmán.

Castelao

New York 27 abril 1939

EL DIPUTADO A CORTES
POR
PONTEVEDRA

Sr. Dr. Juan Clemente Zamora

Mi querido amigo: Te presento al Dr. Luis Tobio Fernandez que perteneció al Cuerpo Diplomático y fué Secretario general del Ministerio de Estado. Fué antes Profesor en la Facultad de Derecho de Santiago de Compostela. Se trata de un entrañable amigo mio a quién quiero como un hermano. De sus méritos no puedo hablarte en esta carta que él habrá de leer antes de entregártela; pero basta que te lo presente y que entables amistad para que te percates de su valimiento. Lo único que puedo afirmarte - avalándolo por escrito y con mi firma - es que se trata de una persona intachable y de una formación espiritual que pocas veces se encuentra.

Mi amigo se ha refugiado en tu país después de haber cumplido con su deber de republicano español. Como todos nosotros, los españoles leales, necesita comenzar de nuevo su lucha por la vida. Tu puedes serle muy útil desde tu puesto universitario y a tu amistad lo entrego, seguro de que lo atenderás como si se tratara de mi mismo.

Te abraza, muy agradecido, tu viejo amigo

Alf. R. Castelao

New York - abril 1939

EL DIPUTADO A CORTES
POR
PONTEVEDRA

Sr. Dn. Juan Clemente Zamora

Mi querido amigo: Te presento a Luis Tobio Fernandez, profesor de la Universidad de Compostela, de la carrera diplomática y ex-Secretario general del Ministerio de Estado. Se trata de una persona a quién quiero como un verdadero hermano y de cuyas cualidades personales podría decirte muchas cosas que omito por no herir su... (iba a decir modestia). Tu puedes prestarle un gran servicio desde tu posición universitaria y tengo la absoluta seguridad de que jamás te arrepentirás de haber sido su protector en estos momentos en que tan necesaria se hace la solidaridad entre los hombres honrados

Muchas gracias. Te abraza tu viejo amigo

Alf. R. Castelao

New York - 8 abril 1939